



Compensacións económicas para o fomento da participación institucional ás organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas de Galicia (Decreto 127/2018, do 4 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de compensacións económicas ás organizacións sindicais e empresariais no marco da participación institucional).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Logo de examinar as cinco solicitudes presentadas para acceder ás axudas previstas no Decreto 127/2018, do 4 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión da compensacións económicas ás organizacións sindicais e empresariais no marco da participación institucional e tendo en conta os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Conforme ao establecido no artigo 11 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, polo órgano instructor, a subdirección Xeral de Relacións Laborais, instruíronse un total de 5 expedientes, correspondentes ás solicitudes presentadas polas seguintes organizacións:

N. EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF
TR870A 2025-01	Confederación Intersindical Galega (CIG)	G36706927
TR870A 2025-02	Unión General de Trabajadores de Galicia (UGT Galicia)	G15383011
TR870A 2025-03	Sindicato Nacional de CCOO-Galicia	G15103112
TR870A 2025-04	Central Sindical Independiente e de Funcionarios de Galicia (CSIF-Galicia)	G70228713
TR870A 2025-05	CEG	G15080476

Segundo.- Logo da recepción das solicitudes, presentadas dentro do prazo fixado na disposición transitoria única do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, o órgano instructor comprobou que cada solicitude presentada coa súa correspondente documentación reúne os requisitos esixidos así como que todas as organizacións solicitantes son beneficiarias destas axudas de acordo co artigo 4 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro e os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na tramitación destes expedientes observáronse todos os requisitos e prescricións legais.





Terceiro.- Tendo en conta a existencia de crédito axeitado e suficiente: **1.200.000,00 €** (aplicación 14.02.324A.481.5 - código de proxecto 2015/00512), e unha vez aplicados os criterios de distribución establecidos no artigo 5.2 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, ás entidades solicitantes lle corresponden a concesión das axudas coas contías relacionadas no seguinte cadro anexo I:

CADRO ANEXO I

Nº EXPTE.	SOLICITANTE	NIF	CONTÍA
TR870A 2025-01	Confederación Intersindical Galega (CIG)	G36706927	213.661,90
TR870A 2025-02	Unión General de Trabajadores de Galicia (UGT Galicia)	G15383011	182.018,82
TR870A 2025-03	Sindicato Nacional de CCOO-Galicia	G15103112	174.301,00
TR870A 2025-04	Central Sindical Independiente e de Funcionarios de Galicia (CSIF-Galicia)	G70228713	30018,28
TR870A 2025-05	CEG	G15080476	600.000,00
		TOTAL	1.200.000,00 €

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- De conformidade co establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024 de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 147/2024 de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, correspóndenlle á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, as competencias na comunidade autónoma en materia de relacións laborais.

Segundo.- O artigo 4 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro establece que *"as entidades beneficiarias serán as organizacións sindicais e empresariais intersectoriais que acrediten a condición de máis representativas de Galicia consonte o disposto nos artigos 6.2.a) e 7.1 da Lei orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical, e na disposición adicional sexta do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 3 de outubro. Tamén serán beneficiarias as organizacións sindicais que estean presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, segundo o establecido na disposición adicional décimo terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia"*





Terceiro.- O artigo 5 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, determina que:

"1. A contía total destinada á concesión de compensacións económicas para o fomento da participación institucional será a establecida nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio.

2. A cantidade global reflectida nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para cada exercicio destinada á concesión de compensacións económicas para o fomento da participación institucional distribuirase entre as entidades beneficiarias do seguinte xeito:

a) En primeiro lugar, dividirase en dúas partes iguais, unha asignada ás organizacións empresariais e a outra ás organizacións sindicais.

b) En segundo lugar, o importe correspondente a cada unha destas dúas partes iguais repartirase, no caso de que fosen varias as organizacións beneficiarias, en proporción á representatividade acadada por cada unha delas en data do 31 de decembro do exercicio inmediato anterior.

3. Os importes resultantes da aplicación dos criterios previstos no número anterior constitúen a contía da subvención para cada entidade beneficiaria."

Cuarto.- O artigo 14 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, establece que *"Con posterioridade á resolución de concesión efectuarase o pagamento anticipado que, conforme o disposto no artigo 5, corresponda a cada entidade beneficiaria."*

Quinto.- O artigo 20 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro establece que: *"A xustificación da subvención efectuarase polo sistema de módulos, de acordo co previsto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na sección terceira do capítulo II do título III do Regulamento da dita lei. Os módulos aplicables, determinados sobre a base do informe técnico motivado elaborado para tal fin, son os seguintes:*

a) Participación nun órgano de participación institucional nos termos do artigo 4.1 da Lei 17/2008, do 29 de decembro:

1º. Unha contía fixa por representante de 2.715 euros.

2º. Unha contía variable por organización de 227 euros, por reunión convocada á que asistise.

b) Participación na elaboración dos instrumentos de planificación da Xunta de Galicia nos termos do artigo 4.2 da Lei 17/2008, do 29 de decembro: unha contía de 1.280 euros por organización, por cada instrumento para o que a Administración solicitase e recibise colaboración."

Sexto.- Segundo o artigo 23 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, *"a xustificación da subvención correspondente á participación institucional desenvolvida entre o 1 de xaneiro e o 31 de*





decembro de cada ano deberá efectuarse antes do 31 de marzo do ano seguinte, mediante a presentación polas entidades beneficiarias, ante a subdirección xeral con competencia en materia de relacións laborais, da seguinte documentación, en cumprimento do artigo 54 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Memoria de actuación xustificativa das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Dentro das actividades realizadas deberán indicarse os órganos a que pertenza a organización, as reunións destes órganos que se levaron a cabo e os instrumentos de planificación en que participou a organización.

b) Memoria económica xustificativa que conteña:

1ª. Acreditación sobre o número de unidades consideradas como módulo segundo o establecido no artigo 20 deste decreto.

2ª. Contía da subvención calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación e os módulos previstos no artigo 20 deste decreto.

3ª. Detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia."

Sétimo.- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Logo de aplicar os preceptos legais oportunos, esta Subdirección Xeral de Relacións Laborais

PROPÓN

A concesión das axudas previstas para as compensacións económicas para o fomento da participación institucional, ás entidades relacionadas conforme ás contías que se reflicten no cadro-anexo I, incluído no feito terceiro desta proposta de resolución e por un importe total de **1.200.000,00 €** con cargo a aplicación orzamentaria 14.02.324A.481.5.

As axudas faranse efectivas de forma anticipada, conforme ao disposto no artigo 14 do Decreto 127/2018, do 4 de outubro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión da compensacións económicas ás organizacións sindicais e empresariais no marco da participación institucional.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O subdirector xeral de Relacións Laborais

Carlos Gómez Martínez

